

CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data: Xoves, 18 de setembro de 2025
Hora de comezo: 10:00 horas
Reunión: 36/2025

CONVOCADOS:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona. María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Gregorio Luis Agís Gómez, Deputado do grupo provincial do PSOE
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. María Belén Pampín Camino, Xefe da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gúlfias Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 28 de agosto de 2025 (Reunión 33/2025) e 4 de setembro de 2025 (Reunión 34/2025).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de gasóleo B e C para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013630).
3. Apertura electrónica sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución material de cuberta no edificio vestiarios, no Centro Vacacional da Lanzada.". (Expte.- 2024075885).
4. Apertura electrónica dos sobres "ÚNICOS" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, e da Escola de Enfermería. (Expte.- 2025032350).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e á proposta avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025. (Expte.- 2025018065).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025025952).

7. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2025025952).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.